



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 1 DE XUÑO DE 2018

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/2035/2017.- MIGUEL ÁLVAREZ TATO.- Conceder licenza para construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa das Flores nº 24.

LIC/412/2016.- MANUEL ABELEIRA VILAS.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para reforma de vivenda unifamiliar existente para a instalación dun ascensor no lugar de Monte da Vila, 42.

LIC/1745/2017.- JERÓNIMO PÉREZ NOYA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa dos Chouchiños nº 40.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa das Flores nº 24. LIC/2035/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para reforma de vivenda unifamiliar existente para a instalación dun ascensor no lugar de Monte da Vila, 42. LIC/412/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa dos Chouchiños nº 40. LIC/1745/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento da solicitude presentada por dona Sabina López García relativa ao incremento de intereses na expropiación da parcela 45 do SUNP-5 da MUIÑA. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á substitución de tres vehículos da UTE TRALUSA adscritos ao transporte colectivo urbano de viaxeiros. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao expediente de aprobación do modelo de cartel corporativo das obras públicas do Concello de Santiago. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do subministro de vestiario de parque para o persoal ao servizo de^o extinción de incendios do Concello de Santiago. Adxudícase o contrato de referencia á empresa El Corte Inglés S.A. por un importe de 39.093,6 euros, IVE incluído.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Asociación de Hostelería para promover o consumo da auga da billa e a consecuente redución dos envases dun só uso. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á tramitación de emerxencia con actuación inmediata, ante a situación de grave perigo, da execución da tala e roza dos primeiros 50 metros dende o oeste da parcela de referencia catastral 15079A016000430000G, na rúa Antonio Machado. Apróbase a proposta.

2.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación de Animación Sociocultural e de tempo libre Circonove. Apróbase o convenio, que non ten carga orzamentaria e que permitirá desenvolver un programa de exhibición das disciplinas circenses na zona histórica de Compostela nos meses de verán.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao recoñecemento de obrigas coa empresa Autobuses Urbanos de Lugo S.A. e Trap S.A, UTE concesionaria da prestación do servizo de transporte urbano, en cumprimento da sentenza do xulgado Contencioso-Administrativo Nº 2. Acórdase recoñecer a obriga de 151.427,23 euros coa empresa concesionaria do servizo de transporte urbano en cumprimento da sentenza que estima parcialmente o recurso interposto pola empresa contra a desestimación por silencio do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno do 10-06.2014 polo que se aprobou con carácter provisorio a liquidación do servizo de transporte urbano correspondente ao ano 2013.

4.-Resolución de discrepancia por reparos. Apróbase a proposta

5.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade en funcións relativa á modificación do prego de cláusulas administrativas aprobado por Xunta de Goberno con data 18 de maio de 2018, aplicable á licitación do servizo de redacción do proxecto básico e redacción do proxecto de seguridade e saúde, dirección de obra da rúa Clara Campoamor. Apróbase a modificación, que amplía o prazo inicialmente previsto para a presentación de ofertas que pasará a ser de 30 días.

6.-Proposta da concelleira de Benestar Animal para dar conta do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Refuxio de Animais. Dase conta.